


PEQUEPEIXE

unidade didáctica

8-9 ANOS




O MEDIO E A DIVERSIDADE

TIPOS DE COSTA

A costa podemos dividila en tres tipos dependendo de como actúa o mar sobre ela.

Costa exposta, costa semiprotexida e costa protexida.



Na COSTA PROTEXIDA veremos praias de fondo de rías e das desembocaduras dos ríos, e aquí só aparecerán especies de ribeira como os berberechos que resisten a auga doce.

Na COSTA SEMIPROTEXIDA das zonas medias das rías, atopamos praias tranquilas. Aquí vemos vieiras pousadas na area ou centolas camiñando polo fondo.

Na COSTA EXPOSTA atopamos acantilados e praias abertas ao mar. Aquí viven os percebes que aguantan ben os golpes do mar.


OS OCÉANOS

Sabías que os océanos forman unha única masa de auga conectada polas correntes mariñas, que son moi importantes porque regulan o clima do planeta, que absorben gran cantidade do CO₂ e que nos proporcionan alimento?



A CADEA TRÓFICA MARIÑA


A cadea alimentaria mariña: a auga do mar ten disoltas sales minerais das que se nutren pequenos organismos que viven flotando na auga que chamamos plancto. Este plancto ten pequenos vexetais que son o fitoplancto, que serve de alimento para as larvas de animais que chamamos zooplancto. Todo isto serve de alimento para peixes e outros animais, que serán o alimento dos grandes depredadores. Para aproveitar todo o que sobra, estarán os detritívoros ou carroñeiros.




DIFERENCIACIÓN DE ESPECIES

INVERTEBRADOS VS VERTEBRADOS


Non teñen columna vertebral nin órganos dos sentidos desenvolvidos. Non adoitan ter gran tamaño. Teñen moitas crías que non coidan.



Teñen columna vertebral e órganos dos sentidos desenvolvidos e complexos. Poden acadar grandes tallas. Adoitan coidar das súas crías.




PEIXES ÓSEOS E CARTILAXINOSOS



O esqueleto dos peixes óseos está formado por espiñas de carbonato cálcico, igual ca os nosos ósos. Son duras pero poden romper. A gran maioría dos peixes pertencen a este grupo.


O esqueleto dos peixes cartilaxinosos está formado por cartilaxe que dá dureza pero é moi flexible. As quenllas e as raias pertencen a este antigo grupo de peixes.



PESCA E ACUICULTURA

APAÑANDO NO MAR

Existen moitos xeitos de capturar presas no mar que ao longo do tempo os homes e mulleres fomos mellorando para ser máis eficaces.





Batea:

é unha estrutura flotante que serve como sistema de cultivo de mexillón ou doutras especies. Aquí póñense as crías e, unha vez que medren e acaden o tamaño de adultos, poderanse sacar para vender.



Anzois:

son dispositivos para capturar peixes un a un, que poden levar un cebo para que os peixes "piquen". Están suxeitos por unha liña da que poden colgar centos de anzois.




Redes de Pesca:

son panos feitos con corda ou filamentos de plástico unidos por nós. Poden ser de moitos tipos e segundo o que queiramos pescar terán aberturas de distinto tamaño que deixarán escapar o peixe pequeno.



Rastro e gancha:

son ferramentas que se usan no marisqueo para apañar as ameixas ou berberechos angazando o fondo de area.



Nastas:


son unhas trampas feitas para capturar algúns animais que viven no fondo do mar e que adoitan buscar un acubillo. Van suxeitas por unha liña e poden capturar dende polbos a nécoras ou peixes. Estas capturas chegan vivas ao barco e, se son pezas pequenas, pódense liberar.

NUTRICIÓN E CONSERVACIÓN

O PEIXE E O MARISCO: NUTRIENTES NECESARIOS

NUTRICIÓN

Para estar sans necesitamos ter unha alimentación variada. Algúns alimentos débemolos comer a diario, outros algunha vez ao mes e outros varias veces á semana, como é o caso dos peixes e mariscos, pois achégannos moitos nutrientes e enerxía que se necesita para facer deporte, xogar, estudar ou dar o estirón.



AS ILLAS DE LIXO

Moito do lixo que producimos en terra vai parar ao mar. As correntes oceánicas fan un remuíño en cada océano formando no seu centro grandes acumulacións de lixo, chamadas illas de lixo.


Algúns materiais como os plásticos tardan centos de anos en desfacerse, polo que quedarán por moito tempo flotando nos mares ou dividiránse en microplásticos que poden ser tragados polos peixes.

XEOGRAFÍA

ONDE ESTAMOS?

Sitúa no mapa os seguintes nomes, indicando o número onde penses que corresponde.

1. Océano Atlántico
2. Rías Altas
3. Mar Cantábrico
4. Rías Baixas
5. Costa da Morte



ORDENAR

QUEN COME A QUEN?

Destes animais, quen come a quen? Ordena as cadeas tróficas:

A) Cangrexo, Golfiño, Ameixa, Polbo

B) Peixe, Quenlla, Plancto, Foca

GLOSARIO DE TERMOS

MOITOS NOMES DISTINTOS

Alguns peixes ou mariscos teñen moitos nomes distintos a pesar de ser o mesmo animal. En Galicia temos moitos xeitos de falar das cousas do mar.

AMEIXA FINA: Ameixa sa, Ameixa branca, Ameixa de lei, Ameixa lexítima, Ameixa femia, Ameixa galega.

RAPANTE COMÚN: Rapate, Meiga.

PEIXE SAPO: Rabada, Tamboril.

XARDA: Cabala, Carriolo, Macareu, Rincha.

SARDIÑA: Xouba, Parrocha.

BERBERECHO: Croque, Birbiricho, Chicaro.

CENTOLA: Cintolo, Bruño.

XURELO: Chicharro, Chincho.

PESCADA: Carioca, Pixota.

XIBA: Choco, Chopo, Sepia.

Os científicos danlles a todos os seres vivos uns nomes en latín, para que todas as especies teñan un “nome científico” común en todos os países.